



CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA PARA O ACCESO DO PERSOAL DO CCG AOS SERVIZOS E RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DA USC

En Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

R E U N I D O S

Dunha parte, Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, segundo o nomeamento contemplado no Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG do 22 de marzo), actuando en nome e en representación desta en virtude dos poderes recollidos no artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q-1518001-A, sede social no Colexio de San Xerome, praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela.

E, doutra parte, D. Andrés Lago Louro, actuando en representación do Consello Consultivo de Galicia, segundo o nomeamento contemplado no Decreto 183/2024, do 3 de outubro (DOG nº 193, do 7/10/2024), actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 18 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e o artigo 13 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia; con CIF-1500011J, e sede social no Pazo de Amarante, R/Algalia de Abaixo, 24- 2º, 15704 Santiago de Compostela.

Ambas partes recoñecen mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente Convenio, en nome das entidades que representan e

MANIFESTAN

Que a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) e o Consello Consultivo de Galicia (en adiante CCG) teñen subscrito un Convenio Marco con data 4 de xullo de 2022, que ten por obxecto establecer o marco adecuado que axilice os futuros proxectos de colaboración entre o CCG e a USC, establecéndose que o mesmo desenvolverase mediante o establecemento de Convenios



específicos sobre as diversas actividades ou proxectos que en cada caso podan realizarse entre as partes.

Que a USC e o CCG, en desenvolvemento do citado Convenio Marco, acordaron permitir o acceso do persoal do CCG aos servizos e recursos bibliográficos da BUSC nos anos 2023 e 2024 coa sinatura dos respectivos Convenios específicos de colaboración entre a USC e o CCG.

Que a USC e o CCG, desexan continuar coa colaboración establecida para permitir o acceso do persoal do CCG aos servizos e recursos bibliográficos da BUSC no ano 2025, intensificando a relación entre ambas as partes mediante a celebración dun novo convenio, modificando aspectos relacionados coa duración e incrementando a contía económica a percibir pola USC.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións de acceso do persoal do CCG aos servizos e recursos bibliográficos da Biblioteca Universitaria da Universitaria de Santiago (en adiante BUSC), nomeadamente a aqueles vencellados ás ciencias xurídicas, e articular o mecanismo de achega económica do CCG para contribuír ao sostemento dos devanditos recursos e servizos .

Segunda.- Natureza

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade co disposto no seu artigo 6.2.

Terceira.- Compromisos entre las partes

Coa finalidade de acadar os obxectivos pretendidos mediante a sinatura deste Convenio, ambas partes comprométense ao seguinte:

-A USC comprométese a facilitar o acceso ao seu fondo bibliográfico e servizos da BUSC a todo o persoal vencellado ao CCG. O devandito acceso realizarase atendendo á normativa de funcionamento vixente que a BUSC ten establecida para os usuarios autorizados.

-O CCG comprométese a facilitar a relación de persoas que accedaran nas condicións anteditas á BUSC e a velar por que os seus membros respecten escrupulosamente toda a normativa interna das bibliotecas ás que accedan (horarios, condicións de préstamos de libros, etc). Comprométese así mesmo a contribuír ao sostemento de recursos bibliográficos da area de ciencias xurídicas dentro das súa dispoñibilidade.



A subscripción do presente convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais de cada unha das partes que van desenvolver as actividades do presente convenio coa outra parte, de tal xeito que non se lles poderá esixir responsabilidade ningunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do mesmo.

Cuarta.- Obrigas económicas

O CCG financiará as actuacións previstas neste convenio cun importe máximo de **6.600 €** con cargo á aplicación orzamentaria 2025.20.01.111D.628.1 dos orzamentos do Consello Consultivo de Galicia. A dita cantidade será librada previa presentación da xustificación da execución das actuacións levadas a cabo ao abeiro do presente convenio, para o que a USC deberá presentar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa das actuacións realizadas e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia
- Factura emitida polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica.

O prazo máximo para presentar a documentación xustificativa será o 30 de novembro de 2025.

Este convenio tramitase como expediente anticipado de gasto, ao amparo do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001. Ao abeiro desta normativa, o crédito previsto para o financiamento do convenio queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2025 para financiar as obrigas derivadas del.

Quinta.-Vixencia e duración

Este convenio entrará en vigor dende a súa sinatura, con data de efecto o 1 de xaneiro de 2025, e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



Sexta.- Comisión de coordinación, seguimento e avaliación

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de coordinación, seguimento e avaliación, composta por dous/dúas representantes de cada unha das partes asinantes, coa seguinte composición:

Por parte do CCG:

- O/A Presidente/a do CCG ou persoa en quen delegue.
- Un/unha conselleiro/a do CCG

Por parte da USC:

- O/A decano/a da Facultade de Dereito da USC
- O/A director/a da Biblioteca Universitaria.

Os responsables terán como función a programación (anual), potenciación, seguimento e avaliación das accións derivadas do presente Convenio, así como elevar informes e propostas aos órganos de decisión que correspondan. Así mesmo, serán os encargados de propoñer a solución amigable das controversias que puideran xurdir na interpretación e aplicación do Convenio.

Reuniranse cando o solicite algunha das partes e en todo caso, cando menos, unha vez ao ano.

Sétima. Protección de datos persoais

1. Tratamento de datos persoais

O tratamento de datos persoais realizado ao amparo do presente convenio, rexerá polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPd), pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPdGDD), así como cantas outras normas legais ou regulamentarias afecten, desenvolvan ou substitúan ás anteriores neste ámbito.

Cada parte xestionará o seu propio tratamento e será responsable do mesmo.

2. Datos dos representantes das persoas xurídicas intervinientes



Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio, representantes, empregados ou outras persoas físicas que actúen en nome ou por conta da outra parte serán tratados unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPDP.

3.- Exercicio dos dereitos en materia de protección de datos

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, de acordo coa normativa de aplicación:

- Respecto á USC: a través da Sede electrónica en

<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>

Tamén dispón de información adicional na seguinte web:

<https://www.usc.es/es/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>.

- Respecto ao CCG: a través da Sede electrónica en

<http://sede.xunta.gal>

Tamén dispón de información adicional na seguinte web:

<https://ccgalicia.es/politica-de-privacidade>

Oitava. Causas de resolución

Son causas de resolución do presente Convenio, en función do establecido no art. 12 apartado segundo do Regulamento para a xestión de convenios e protocolos xerais de actuación da USC e no art. 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio.
- O mutuo acordo das partes asinantes, manifestado por escrito.
- O incumprimento das cláusulas por parte dalgunha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- As causas previstas no Convenio e as establecidas na lexislación vixente.



Novena.- Transparencia, Publicidade e Imaxe Corporativa

O Convenio suscrito poderá ser posto a disposición dos cidadáns en aplicación do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á Información Pública e bo goberno (BOE 10/12/2013), e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno de Galicia.

As persoas que asinan o presente Convenio manifestan o seu consentimento e autorización para incorporar no texto os seus datos persoais e o resto das especificacións contidas.

As partes poderán facer constar a presente colaboración sen que isto supoña que se autoriza para o uso da imaxe corporativa para un fin diferente ao das actividades reguladas no Convenio sendo necesaria, en todo caso, a autorización expresa da USC para facer uso do seu logotipo por calquera medio de difusión.

Décima.- Prevención de riscos

No caso de que as colaboracións deste convenio impliquen a presenza física de persoal do CCG en instalacións da USC, deberá observarse a normativa de prevención de riscos laborais e a coordinación das actividades preventivas de acordo ao disposto na normativa.

Undécima.- Xurisdición

Se fora o caso, as partes someterán as diverxencias que se puideran presentar en orde á interpretación ou cumprimento do presente convenio, que non foran resoltas pola Comisión de Seguimento, á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade con canto antecede, ambas partes subscriben o presente Convenio mediante sinatura electrónica na data indicada.

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Polo Consello Consultivo de Galicia

O reitor,

O presidente,

Antonio López Díaz

Andrés Lago Louro

